



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2015

Ás 9.33 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Manuel-Reyes García Hurtado, José Manuel Sobrino Heredia, Antía Pérez Caramés, Jesús Miguel Muñoz Cantero e Sergio Eduardo Santos del Riego.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa, en primeiro lugar, da sinatura, o pasado día 8 de outubro, do convenio entre as tres universidades e a Xunta de Galicia sobre docencia clínica no Grao de Medicina. O convenio desenvolve o texto do acordo asinado en abril, aclarando as condicións da súa execución. O reitor explica a dinámica da repartición de docencia clínica no grao de Medicina da USC, así como a cláusula de incorporación, por vía da subrogación, á UDC dos profesores asociados de Ciencias da Saúde (PACS) da USC que estean integrados en grupos de investigación adscritos ao INIBIC (Instituto de Investigación Biomédica da Coruña).

O reitor informa de que o Pleno da Deputación da Coruña aprobou, na súa sesión do 8 de outubro, a sinatura do convenio para a cesión dunha parte do edificio do Calvo Sotelo para usos de residencia universitaria. Nos vindeiros días asinarase o convenio coa Deputación da Coruña.

Por último, o reitor informa sobre o Consello Galego de Universidades do pasado día 13, en que se presentou a informe o PFSUG 2016-2020. O reitor explica cal foi a posición da UDC a este respecto, resumindo o escrito que xa se publicou na web da Universidade.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, que informa, en ausencia xustificada do **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, dos seguintes asuntos deste ramo.



En primeiro lugar, foi comunicada a Resolución da Convocatoria de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e da resolución, que sairá publicada en breve, de concesión de axudas para agrupacións estratéxicas, ambas as dúas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O secretario xeral informa tamén da previsión de publicación, nas próximas semanas, de diversas convocatorias dependentes da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación. Tamén informa sobre a próxima realización dunha xornada informativa en materia de convocatorias de investigación orientada aos investigadores do ámbito da Arquitectura. Finalmente, o secretario xeral informa do elevado número de teses que se están a tramitar, motivado polo prazo fixado no RD 99/2011 para a defensa da teses de estudantes procedentes de ordenacións anteriores.

Toma a palabra o **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías**, quen informa sobre os resultados dos informes previos de verificación dos títulos de grao e mestrados presentados polos distintos centros. Tiveron informes favorables todas as propostas, tanto de modificación como novas propostas. Figuran dous novos mestrados, o de Eficiencia e Aproveitamento Enerxético e o de Bioinformática en Ciencias da Saúde.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa das actividades desenvolvidas no seo da Comisión de Estudo do Plan de Racionalización de Estruturas Académicas (CEPREA). Tras a reunión do 9 de outubro, deuse un mes para reunir toda a información necesaria para unha visión estratéxica do proceso. O pasado 16 de outubro tivo lugar o primeiro seminario sobre reforma das estruturas académicas universitarias, que se centrou na experiencia desenvolvida pola Universitat de Barcelona. O 20 de novembro terá lugar unha visita de representantes da Universidade de Oviedo para relatar a súa experiencia.

O vice-reitor informa tamén de que no proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia non se inclúe xa o artigo 36, que sometía á autorización previa conxunta das Consellerías de Educación e Facenda a convocatoria de prazas de profesorado temporal. Na liña do que viñemos defendendo durante estes anos mediante propostas de emendas ao proxecto de lei, este mecanismo de autorización previa substitúese agora pola información *a posteriori* das prazas convocadas pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa de que o xurado para España do programa *Green Campus*, programa que recolle



as actuacións universitarias en materia de promoción e preservación do medio ambiente, na súa convocatoria de 2015 decidiu conceder por unanimidade a *Bandeira Verde Green Campus* á Facultade de Ciencias da Saúde e á Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, despois de examinar a documentación achegada pola Universidade da Coruña e de visitar as súas instalacións. Ademais, decidiuse premiar o campus de Pontevedra, da Universidade de Vigo. As Universidades de Vigo e A Coruña son as primeiras universidades españolas galardoadas coa *Bandeira Verde*, e únense ás quince facultades en oito países a nivel europeo que actualmente contan con esta distinción de calidade ambiental. A vicerreitora dálles os parabéns aos centros e ao director da Oficina de Medio Ambiente polo éxito acadado co traballo desenvolvido.

A vicerreitora dá conta tamén de que, desde o anterior Consello de Goberno, a Comisión de Asuntos Económicos foi informada, na súa sesión do 6 de outubro, de imputacións autorizadas ao exercicio corrente por obrigas xeradas en exercicios anteriores que se corresponden co expediente V-00016-15, de data 15 de setembro, por importe total de 175 930,51€

Por último, informa de que a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 6 de outubro validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2015 por importe de 1 230 843,72 euros que se corresponden co expediente C-00011-15 do Servizo de Intervención.

A vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura informa dos seguintes asuntos da súa competencia.

En materia de empregabilidade destaca que, en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, a UDC participou no programa *Yuzz*, promocionado pola Fundación CISE (Centro Internacional Santander de Emprendimiento). Esta actividade ten por obxectivo orientar xente nova con proxectos de empresa innovadores. Á convocatoria presentáronse 80 solicitudes das cales se seleccionaron 20 proxectos. Os gañadores foron Abraham Dopazo García e Alfonso Varela Jiménez co proxecto “Fly away”. A vicerreitora transmite un agradecemento especial a Jerónimo Puertas, quen coordinou o programa, e a José Ángel Felpeto, do SAPE, quen se encargou da loxística do día a día.

O alumnado da UDC participou na xornada de formación “Talento en crecemento” que ofreceu a *Confederación Española de Directivos y Ejecutivos* que tivo lugar na Coruña os días 5 e 6 de outubro.



Os días 28 e 29 de outubro celebrárase na Facultade de Economía e Empresa a cuarta edición do *Foro Xuventude en Movemento*, que a UDC vén organizando xunto coa Deputación e Europe Direct. Este ano, debido a que é o Ano Europeo da Cooperación, o Foro centrará parte das súas actividades neste eido coa participación da OCV.

A partir do día 3 de novembro, e ao longo deste mes, terá lugar un curso de *Business Thinking* co obxectivo de fomentar a innovación empresarial e profesional tanto entre o estudantado como entre investigadores. Este curso realízase ao abeiro dun convenio coa Consellería de Traballo e Benestar social e coa participación da OTRI.

Para continuar coa estruturación do programa propio de mellora da empregabilidade, este curso engádese aos seminarios de orientación, os de autoemprego. Esta campaña xa comezou nos centros de Ferrol e A Coruña.

Por fin, o día 11 de novembro terá lugar na Facultade de Economía e Empresa a Oitava Feira de Asociacións de Estudantes da UDC.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa da solución dada aos problemas suscitados pola Decanato da Facultade de Enfermaría e Podoloxía arredor do financiamento das subministracións precisas para a práctica clínica, en especial na Clínica Podolóxica.

O 11 de setembro comunicóuselles aos centros e departamentos a necesidade de reducir un 35% as súas partidas orzamentarias. Algúns centros, entre outros a Facultade de Enfermaría e Podoloxía, tiñan xa comprometido nesa data máis do 65% do orzamento. Nestes casos indicóuselles aos centros afectados que se procurarían solucións excepcionais para que a necesaria redución orzamentaria non afectase ao desenvolvemento normal da docencia. Despois de varias conversas co Decanato da Facultade de Enfermaría e Podoloxía, o día 13 de outubro reitéraselles a necesidade de realizar algún axuste no orzamento e solicitáselles que envíen unha listaxe de gastos ineludibles.

A vicerreitora lamenta ter que valorar de maneira negativa o comportamento do equipo decanal do centro, cando en lugar de responder á solicitude requirida, informou ao estudantado do centro dun xeito pouco responsable, insinuando que debido ao axuste no orzamento non ían poder realizarse as prácticas das titulacións que se imparten na Facultade e que, asemade, nun prazo breve de tempo pecharían a Clínica Podolóxica. Esta información



causou, como non podería ser doutra forma, unha grande inquedanza nos estudantes, co conseguinte impacto mediático, cando a realidade era que se estaba a buscar unha solución razoable o problema, para o cal era imprescindible ter recibida a previsión de gastos que permitisen a normalidade académica.

Co fin de acadar a solución a este conflito, en certa maneira provocado pola información errónea que se facilitou, o pasado mércores 21 de outubro reuníronse representantes deste equipo de Goberno co equipo decanal da Facultade, e chegouse ao acordo unánime entre as partes nos seguintes termos:

- Enviar á Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas, para a autorización do gasto, o custo do material imprescindible para o desenvolvemento das prácticas.
- Continuar, de forma inmediata, coa docencia clínica desenvolvida nos laboratorios e na Clínica Universitaria Podolóxica
- Ademais, o centro comprométese a elaborar unha proposta de prezos públicos das subministracións clínicas empregadas polos usuarios externos, de modo que se garanta a sustentabilidade financeira da Clínica Universitaria Podolóxica.

Ao día seguinte da reunión, a Facultade de Enfermaría e Podoloxía realizou unha declaración institucional nos termos dos acordos que se acadaron. A día de hoxe, o centro funciona con total normalidade, como debería ter sucedido desde o principio do curso.

En segundo lugar, a vicerreitora lembra que hoxe remata o prazo de presentación das solicitudes da convocatoria da UDC para estudantes con necesidades educativas especiais. Foron convocadas 20 axudas en réxime de concorrencia competitiva cun orzamento de 21 540 € Estas axudas complementan as prestacións que, desde o Servizo de Atención á Diversidade, se lles proporcionan aos membros da comunidade universitaria para facilitar a súa integración plena.

Onte saíu publicado na web da UDC o III Concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero Ángeles Alvariño, convocado pola Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña. O obxecto deste concurso é incentivar o alumnado de graos e mestrados a realizar traballos que inclúan a



perspectiva de xénero, e contribuír, deste xeito, a promover a introdución da perspectiva de xénero na investigación e na docencia.

Por último, a vicerreitora adianta tamén que en próximas datas se publicará a convocatoria do 3.º Certame Fotográfico Rosalind Franklin, cuxa finalidade é promover a eliminación de estereotipos de xénero. A temática elixida aborda o papel das mulleres na ciencia e na tecnoloxía, xa que, nestas áreas a visibilidade das mulleres é moi inferior á dos homes.

A **vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa, en primeiro lugar, da convocatoria de propostas do Programa Erasmus + 2016, cuxa ligazón está na web UDC. No ámbito deste programa convócanse diversas acción agrupadas en diferentes chaves (1, 2, 3), as actividades Jean Monnet e as axudas para Deportes. Especial relevancia para os membros da comunidade universitaria teñen as accións da Key Action 2: Cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas: asociacións estratéxicas no ámbito da educación, a formación e a xuventude; alianzas para o coñecemento; alianzas para as competencias sectoriais; para o desenvolvemento na educación superior e para o desenvolvemento das capacidades no ámbito da xuventude. A vicerreitora anima os diferentes colectivos da UDC a participar nesta convocatoria. Na web <http://international.udc.es/>, na páxina web do SEPIE (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte) e na Oficina de Relacións Internacionais da UDC poderán atopar máis información e axuda para desenvolver o seu proxecto.

Tamén informa de que, respecto da convocatoria de mobilidade internacional de estudantes, xa para o curso 2016/2017, estamos a facer unha campaña informativa sobre os requisitos lingüísticos que, como xa informamos o ano pasado, cambian para a próxima convocatoria. Para os efectos de equiparar todas as linguas, esixírase a acreditación lingüística A2 en portugués e en italiano, equiparándose ao alemán. O inglés e o francés requiren o nivel B1

(cfr. http://www.udc.es/export/sites/udc/ori/_galeria_down/inf_estudiantes_UDC/requisitoslinguisticos_erasmus16_17.pdf).

Infórmase, asemade, de que dous mestrados internacionais da UDC foron seleccionados polo MEC e polo ministerio homólogo francés na convocatoria de Subvencións para mestrados e doutoramentos hispano-franceses. Trátase do Mestrado Internacional en Migracións Internacionais (Facultade de Socioloxía) coa Universidade de Poitiers e o Mestrado Internacional en



Materiais Complexos (EPS) coa Universidade Paris Diderot. A vicerreitora felicita os devanditos mestrados e os seus coordinadores polo éxito acadado nesta convocatoria.

O **xerente** informa, en primeiro lugar, da aprobación o día 19 de outubro actual, da Instrución para regulamentar as operacións de peche do exercicio de 2015 en relación coa contabilización dos ingresos, gastos e pagamentos da Universidade da Coruña.

Dáse conta tamén da Resolución conxunta pola que se regula a utilización progresiva de documentos internos asinados electronicamente entre órganos, centros e servizos da UDC, ditada con data 22 do presente mes.

Finalmente, infórmase de que, conforme ao establecido na Lei 11/2015, do 1 de outubro (DOG núm.190 do 5 de outubro), pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario en concepto de recuperación da paga extraordinaria de decembro de 2012 aos empregados do sector público autonómico de Galicia e, unha vez recibidos o día 23 deste mes os fondos librados pola Consellería de Facenda para tal efecto, procederase ao seu aboamento ao persoal da UDC na vindeira nómina de novembro, para o que se ditará a correspondentes instrución de aplicación.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 29 de setembro do 2015

O secretario xeral somete á aprobación do Consello de Goberno o borrador da acta da sesión ordinaria do 29 de setembro.

A acta é aprobada por asentimento e únese á presente como **anexo III**.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran na documentación, que se clasifican nesta ocasión en dous (2) convenios marco, dezanove convenios específicos (19), e setenta e seis convenios para prácticas (76) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.



A listaxe apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á presente acta.

4. Informe sobre a Resolución reitoral pola que se convocan eleccións á Reitoría

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral e presidente da Comisión Electoral Central, que informa dos principais aspectos do borrador da Resolución reitoral pola que se convocan as eleccións á Reitoría, para sometelos ao xuízo do Consello de Goberno, en cumprimento do artigo 36 do Regulamento electoral xeral.

O secretario xeral destaca o feito de que, tras un período máis que suficiente de rodaxe da aplicación informática durante varios anos e procesos electorais diversos, esta vai ser a primeira vez que se fagan as eleccións á reitoría totalmente mediante o voto electrónico (en 2011 a votación anticipada realizouse a través do voto electrónico), o que vai permitir que se simplifiquen e axilicen en gran medida os procesos de votación e escrutinio, ademais de lograr un importante aforro de recursos económicos e institucionais.

Na resolución inclúese unha referencia aos gastos electorais das candidaturas, que se financiarán cunha reserva de crédito de 7500 €. Dado que o regulamento esixe que este aspecto adopte a forma de acordo de Consello de Goberno, farase constar así na acta.

Do resto, o calendario é similar ao da convocatoria de 2011. O censo provisorio sairá o 29 de outubro. A presentación de candidaturas será do 13 ao 16 de novembro. A campaña será de martes a martes, do 24 de novembro ao 1 de decembro. A votación en primeira volta cadra o 3 de decembro, e o 14 en segunda volta.

O texto do borrador foi sometido ao informe favorable da Comisión Electoral Central celebrada o 22 de outubro.

Tras esta exposición, ábrese unha quenda de intervencións.

Daniel Pena solicita que se reconsidera a votación electrónica, e se manteña a votación en mesa, por entender que non está suficientemente testada a aplicación informática, as claves de acceso ao programa non son suficientemente seguras, e a participación pode descender.



Ignasi Colominas solicita aclaración sobre se existe motivo para que as eleccións sindicais se realicen por votación en mesa. O secretario xeral aclara que estes procesos se regulan por un real decreto estatal básico, do ano 1994, polo cal os representantes dos traballadores non poden acollerse á votación electrónica, como sería tamén desexable para nomear os seus representantes.

O secretario xeral engade que a aplicación informática de e-voto é común para as tres universidades, e foi financiada pola Xunta de Galicia con 100 000 euros no ano 2010. Vén utilizándose desde o ano 2011 na nosa universidade con resultados moi satisfactorios en todo tipo de procesos, mesmo máis complexos que o de reitoría. Tras a exitosa realización de eleccións a órganos colexiados en 2013, o secretario xeral considera que non existen argumentos para retroceder, polo que cómpre dar o último paso de adaptación tecnolóxica dos nosos procesos de participación interna.

Ana Iglesias comenta que se corrixa na resolución reitoral a denominación do departamento de “didácticas especiais”, debe dicir didácticas “específicas”.

O Consello de Goberno acorda por asentimento aprobar o crédito de 7500 € para os gastos de campaña electoral das candidaturas válidas que se presenten no seu momento.

Tras o anterior, considérase informado o punto e incorpórase a resolución reitoral como **anexo V** á acta da sesión.

5. Informe sobre o acordo da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, do 22 de xuño de 2015, de creación de itinerarios lingüísticos nas titulacións de grao do Sistema Universitario Galego

Toma a palabra de novo o secretario xeral, quen expón o contido do seu informe.

O 22 de xuño, a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística debateu e acordou aprobar a “*Proposta de creación de itinerarios lingüísticos nas titulacións de grao do SUG*”.

Na avaliación da situación no SUG e na correspondente proposta traballou durante varios meses un grupo de traballo integrado polas secretarías xerais de Universidade e Política Lingüística da Xunta de Galicia, e polos servizos de Normalización Lingüística das tres universidades galegas.



Tal e como expón a Proposta, que se achega como anexo a este informe, con ela trátase de responder de xeito máis satisfactorio a tres desafíos:

- Un xeneralizado estancamento do uso do galego na docencia e na investigación superior, cuxa presenza nas aulas e laboratorios universitarios é significativamente menor que a que experimenta a sociedade galega.
- A incorporación da lingua ou linguas vehiculares do ensino universitario como unha destreza ou competencia transversal, valorable no haber académico de cada estudante mediante a súa incorporación ao SET.
- A crecente internacionalización das nosas universidades e do noso estudiantado demanda unhas políticas específicas de adaptación a unha contorna aberta aos fluxos de persoas con distintas necesidades lingüísticas.

A Xunta de Galicia e as universidades do Sistema Universitario Galego comparten o compromiso de artellar un procedemento que consiga facer atractivo, necesario e útil o multilingüismo na docencia universitaria. As dúas propostas con que conclúe o documento son:

a) Que a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Universidades, dote os créditos plurianuais axeitados para financiar un plan de multilingüismo no SUG.

b) Que os Consellos de Goberno das tres universidades formulen e aproben, no marco deste documento, un plan de multilingüismo adaptado ás súas necesidades e realidades específicas, no cal se concrete para as titulacións adheridas a escolla entre tres tipos de itinerarios lingüísticos:

A) **Itinerario bilingüe castelán-galego:** mínimo de 40% de ECTS en galego e en castelán, respectivamente.

B) Itinerario trilingüe castelán-galego-inglés

b.1) Mínimo de 40% de ECTS en castelán, 40% de ECTS en galego e 10% en inglés



b.2) Mínimo de 30% de ECTS en castelán, 30% de ECTS en galego e 20% en inglés

C) Itinerario cuadrilingüe castelán-galego-inglés-portugués:

c.1) Mínimo de 30% de ECTS en castelán e 30% en galego, mínimo do 10% en inglés e do 10% en portugués, respectivamente

c.2) Mínimo de 20% de ECTS en castelán e 20% en galego, mínimo do 20% en inglés e do 20% en portugués, respectivamente.

As porcentaxes que propoñemos refírense a ECTS obrigatorios na titulación, excluindo os traballos de fin de grao.

En relación cos estudantes que sigan itinerarios lingüísticos da súa titulación, propónse que os devanditos plans universitarios incorporen:

- A creación dos diplomas específicos das universidades que recoñezan a súa competencia lingüística en relación coas linguaxes de especialidade.
- O recoñecemento de créditos ECTS.

Durante varios meses, para cumprir o punto primeiro, negociouse coa Xunta a incorporación do incremento progresivo da docencia en galego como un dos indicadores do novo Plan galego de financiamento universitario 2016-2020.

No documento final do Plan, presentado na súa sesión do 13 de outubro de 2015 ao Consello Galego de Universidades, a Xunta incluíu como dous dos cinco indicadores das “*accións de mellora da calidade*” os de:

- **A impartición de graos en inglés**
- **A impartición dun mínimo do 50% das materias dun grao en galego**

O obxectivo destas accións é incentivar as universidades a pór en marcha accións que permitan acadar os obxectivos considerados estratéxicos pola Xunta de Galicia.

Neste sentido, o Plan engade o seguinte:



“Vincularase a cada un destes indicadores unha contía de ata un millón de euros no exercicio 2016 que se repartirá só no caso de existir algunha proposta operativa relacionada co indicador concreto. En caso contrario o crédito vinculado a ese/s indicador/es non será distribuído.

O crédito vinculado a un indicador poderase incrementar no seguinte exercicio cando o número e a calidade das iniciativas presentadas así o aconselle.

Anualmente, o departamento competente en materia de universidades, tendo en conta as prioridades do Goberno galego neste eido, definirá as accións que se consideren de interese para a mellora da calidade do SUG. Deste xeito, as universidades poderán presentar propostas de accións concretas que serán analizadas pola Administración autonómica co obxecto de determinar o seu encaixe nos obxectivos e liñas marcados e determinar a repartición destes créditos”.

Tras o anterior, pois, cumprirá concretar para o exercicio do 2016:

- A implantación das propostas operativas relacionadas cos dous indicadores mencionados.
- A intensidade do financiamento destinado a cada unha delas.
- A determinación da repartición deses créditos.

Para avanzar nesa concreción, en datas vindeiras está prevista a convocatoria dunha Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, da que se informará ao Consello de Goberno.

Á vista dos avances que se produzan, a Secretaría Xeral e a Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación elaborarán conxuntamente un borrador de acordo para a implantación de itinerarios lingüísticos nas titulacións da UDC.

Rematada a exposición do secretario xeral, Nona Inés Vilariño, Luis Hervella e Manuel Graña preguntan se estes itinerarios son obrigatorios.

Ana Barxa dálle os parabéns ao equipo de goberno pola proposta, que vai supor moito traballo de aquí en diante, e da que agarda que sirva para mellorar as porcentaxes de utilización do galego na docencia.



Moisés Canle súmase aos parabéns ao documento, mais considera negativa a exclusión dos traballos de fin de grao, que considera un erro. Pregunta polos mecanismos de recoñecemento do perfil lingüístico docente nos plans universitarios e o recoñecemento de créditos ECTS. Como se vai facer a repartición das cantidades? Tamén suscita a posibilidade de recoñecer capacitación lingüística ao estudantado con carácter retroactivo.

Anxo Calvo súmase aos parabéns por esta iniciativa e á intervención de Moisés Canle, engadindo que vai supor unha nova etapa en que os centros deberán ter as súas estratexias propias para introducir con éxito os itinerarios multilingües tanto do punto de vista do profesorado como dos estudantes.

Tras o anterior debate, incorpórase como **anexo VI** o informe e a proposta da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística do 22 de xuño de 2015.

6. Proposta de acordo de adhesión da UDC á declaración do Monte Pindo como parque natural

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral para expor o punto.

Mediante un correo electrónico remitido a esta universidade o 14 de outubro do 2015, D. Mario Maceiras, en representación da Asociación Monte Pindo Parque Natural, remitiu unha solicitude de adhesión da Universidade da Coruña (UDC) á Iniciativa Monte Pindo Parque Natural.

En concreto, no seu escrito, que se achega como Anexo, solicítase do Consello de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A UDC adhírese á Iniciativa Monte Pindo Parque Natural, co convencemento de que polas súas características esta figura suporá un punto de inflexión na situación do Monte Pindo e impulsará definitivamente a conservación dos seus valores naturais, a investigación e divulgación científica, e tamén a necesaria socialización dos beneficios sociais e por suposto económicos que deben derivarse das figuras de protección do territorio. Con ese obxecto, a UDC apoiará solidariamente a Asociación Monte Pindo Parque Natural nas súas iniciativas.

Polo que procede someter á consideración do Consello de Goberno a adopción do devandito acordo.



Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VII**

7. Aprobación e renovación de títulos propios de posgrao

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para explicar os títulos propios que se achegan na documentación anexa. Trátase das renovacións dos cursos seguintes:

- Curso de Especialización en Protocolo, Comunicación e Imaxe Corporativa
- Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social
- Curso de Especialización en *Coaching*
- Curso de Especialización en Adestramento Adaptado a Patoloxías. O vicerreitor comenta que esta proposta foi xa consensuada entre os proponentes e a Facultade de Fisioterapia, tal e como se acordou no anterior Consello de Goberno, eliminándose o termo “prescripción”.
- Curso de Especialización en Xestión Empresarial da Innovación
- Curso de Formación Específica de Posgrao en Habilidades Directivas e Competencias Profesionais
- Curso de Formación Específica de Posgrao en Innovación na Empresa: I+D+MK
- Curso de Formación Específica de Posgrao en Introducción e Iniciación ao *Coaching*
- Curso de Formación Específica de Posgrao en Técnico de Emprego: Planificación e Xestión de Proxectos para a Mellora da Empregabilidade
- Curso de Formación Específica en Xestión Integral da Empresa Innovadora
- Mestrado en Promoción da Actividade Física Saudable e en Adestramento Adaptado a Patoloxías



As novas solicitudes de títulos son:

- Mestrado en Enxeñaría de Estruturas e Materiais Aeroespaciais, proposto por profesorado da ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos con investigación punteira neste campo. O vicerreitor destaca que esta é unha primeira aposta docente por un sector que ten carácter estratéxico.
- Curso de Formación Específica de Posgrao na Función Investigadora de Atestados de Tráfico e Control de Licenzas de Edificación

O vicerreitor dálle os parabéns á Comisión de Posgrao polo traballo desenvolvido na revisión destes títulos, tendo moita menos capacidade que algunhas axencias oficiais de avaliación.

Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VIII**.

8. Aprobación, se proceder, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento 2013-2014

Toma a palabra o vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen solicita elevar a definitiva a proposta de premios extraordinarios de doutoramento 2013-2014, tal e como foi elaborada pola Comisión Permanente da EIDUDC o 06/10/2015.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo IX**.

9. Aprobación, se proceder, da Oferta de Emprego Público de PAS funcionario 2015 (pendente de autorización da Consellaría de Facenda).

O reitor cédelle a palabra ao xerente, quen aclara que a proposta xa foi informada favorablemente, con data de onte, pola Consellaría de Facenda. Trátase dunha oferta de catro prazas.

Apróbase por asentimento e incorpórase o acordo de aprobación como **anexo X** á acta deste Consello de Goberno.

10. Proposta de liquidación das contas do exercicio orzamentario de 2014



Continúa coa palabra o xerente, quen expón as principais magnitudes da liquidación de contas do exercicio orzamentario correspondente ao ano 2014, que se levará ao vindeiro pleno do Consello Social.

A porcentaxe de dereitos recoñecidos netos ascendeu a 123 millóns de euros. 14,3 proveñen dos prezos públicos de matrícula, e 82 millóns de transferencias correntes (por riba do 66%). A nivel de execución (obrigas recoñecidas), chegouse 125,7 millóns de euros, dos que 84,6 obedecen a gastos de persoal, 15 millóns a gastos correntes, mentres que os investimentos acadaron 20,4 millóns de euros. O gasto corrente ascende ao 80% do orzamento. Tras aplicar o remanente, o resultado é positivo, ascende a 638.000 euros. O remanente total de tesouraría ascende a 21 millóns de euros. O remanente líquido non afectado ascende a 432.000 €

Na quenda de intervencións, Anxo Calvo fai unha reflexión xeral sobre estas magnitudes. A evolución do resultado orzamentario dos anos 2013-2014 permite ver algunhas cuestións significativas: que o plan de financiamento 2010-2015 foi crecentemente negativo, pois a súa aplicación nos últimos anos supuxo unha minoración non xustificada dos nosos ingresos. Pregunta se esta cantidade é de 2,5 millóns de euros en 2014. Considera que é unha cantidade moi significativa, cuxo ingreso daría lugar a unha liquidación de contas moi distinta. A valoración do remanente de tesouraría resúmeo así: é positivo, felizmente, mais “*acabouse o peto*”. Xa non temos este fondo de manobra, de maneira que esta situación se vai trasladar, agravada, á liquidación de 2015, cando se realice. Por iso, considera que a suspensión dos compromisos de gasto e a minoración posterior foron medidas prudentes e necesarias para axustar os gastos á baixa de ingresos inducida sobrevidamente desde a Xunta de Galicia pola súa particular interpretación da liquidación do PFSUG.

O xerente lembra que esta minoración de ingresos está xudicializada no contencioso-administrativo. Considera que é boa noticia que o ano 2014 se pechase cun remanente líquido de tesouraría, a pesar do PFSUG, mais a situación é preocupante, porque o financiamento estrutural é insuficiente, o que leva consigo para 2015 unha potencial situación de déficit. Pese a isto, polas medidas adoptadas ao longo deste ano, puidéronse reequilibrar a tempo as magnitudes de ingresos e gastos, polo que vai pechar o ano 2015 con normalidade.

Tras as anteriores intervencións, apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XI**



11. Proposta de modificación puntual do Regulamento de hortas urbanas

Toma a palabra a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, que expón que se trata dunha modificación do regulamento de 2013, destinada a lograr un funcionamento máis eficiente da repartición das hortas urbanas, tras a experiencia acadada durante o ano de funcionamento deste programa. En primeiro lugar, o prazo para avisar da perda do dereito de uso da horta por deixar de pertencer á comunidade universitaria (un mes). En segundo lugar, permitir que, como máximo, dúas persoas usuarias que deixen de ser membros da comunidade universidade poidan continuar colaborando nas tarefas de dinamización e formación dos novos usuarios.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XII**.

12. Elección de representante de estudantes no Consello Social

Toma a palabra o secretario xeral para explicar que, ao perder Emilio Lage, o actual representante dos estudantes no Consello Social, a condición de representante de estudantes do Claustro no Consello de Goberno, procede elixir novo representante.

Os representantes de estudantes no Consello de Goberno presentaron neste sentido un escrito propoñendo a Ana Barxa para a súa representación no Consello Social, polo que se propón que se eleve a proposta a definitiva.

13. Proposta de modificación da OPE 2015 de PDI

Toma a palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente.

O vicerreitor explica que o *Boletín Oficial do Estado* (BOE) do 13/09/2015, publicou o Real decreto-lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía.

Na súa disposición final primeira modifícase a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades dando a seguinte redacción ao artigo 62 “*Así mesmo, as universidades poderán convocar prazas de promoción interna, que estean dotadas no estado de gastos do seu orzamento, para o acceso ao corpo de catedráticos de universidade. Estas prazas, que non poderán superar o*



número máximo de prazas que sexan obxecto de oferta de emprego público de quenda libre, nese mesmo ano, para o acceso aos corpos docentes do artigo 56 desta mesma lei, convocaranse para funcionarios de carreira do corpo de profesores titulares de universidade ou da escala de investigadores científicos dos organismos públicos de investigación, que prestaran, como mínimo, dous anos de servizos efectivos baixo a dita condición. Os funcionarios que participen nestes concursos terán que estar acreditados para o corpo docente de catedráticos de universidade”.

Xa que logo, a Universidade da Coruña vén de revisar o seu cadro de persoal docente, co fin de adaptar a oferta pública de emprego (OPE) do ano 2015 á nova redacción dada ao artigo 62 da Lei orgánica 6/2001 polo Real decreto-lei 10/2015, para o cal solicitou a preceptiva autorización da Consellería de Facenda co fin de poder publicar unha modificación na OPE do ano 2015 de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña e posteriormente realizar as correspondentes convocatorias.

Esa modificación consiste en engadir a seguinte oferta de prazas: tres cátedras de universidade por promoción interna, interpretando de xeito literal a norma da LOU na súa nova redacción.

A convocatoria destas prazas non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria da Universidade da Coruña e estarán dotadas no estado de gastos do orzamento do ano 2016, xa que non será posible resolver os correspondentes concursos antes da finalización do actual exercicio corrente.

Porén, a Consellaría de Facenda non deu aínda o seu informe, polo que a OPE se aprobaría condicionadamente a este.

Os criterios que se aplicarían para determinar as áreas favorecidas polas cátedras de promoción serían os aprobados polo Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015.

Nos termos expostos, apróbase a modificación da OPE por asentimento, e incorpórase como **anexo XIII** á acta.

14. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado



O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a autorización para a convocatoria de tres prazas de PDI contratado. As prazas contan co informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Trátase das seguintes prazas:

- Unha praza de contratado interino de substitución P05 para a docencia na Área de Dereito Administrativo, para cubrir a docencia de Juan José Pernas García ao pasar este á situación de comisión de servizos no Concello da Coruña.
- Unha praza de axudante doutor/a para a Área de Enxeñaría da Construción, por promoción da axudante da área dona Gumersinda Seara Paz.
- Unha praza de contratado/a doutor/a para a Área de Bioloxía Celular, correspondente á OPE 2015.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XIV** á acta.

15. Proposta de modificacións de dedicación de PDI. Curso académico 2015/2016

O vicerreitor propón as seguintes modificacións de dedicación do PDI para o curso 2015/2016, seguindo os criterios aprobados polo Consello de Goberno sobre cambios de dedicación do PDI contratado:

- Couceiro Aguiar, Iván (Área de Matemática Aplicada), contratado interino de substitución de P04 a P06, por necesidades docentes da área.
- Barneche Naya, Viviana (Área de Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría), contratada interina de substitución de P06 a tempo completo, por necesidades docentes da área de coñecemento e acreditación como axudante doutora, con cambio de dedicación efectivo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2015/2016.
- Peón Pose, David Olegario (Área de Economía Financeira e Contabilidade), Contratado Interino de Substitución P06 a tempo



completo, por necesidades docentes da área de coñecemento. Conta con acreditación como profesor contratado doutor.

- Lado González, Eva María (Área de Economía Aplicada), CIS P06 a tempo completo por baixa por IT doutra profesora da área.
- González Domínguez, Jorge (Área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores), CIS P06 a tempo completo, por necesidades docentes sobrevidas pola suspensión de contrato de dona Sabela Ramos Garea. Conta con acreditación a CD.

O vicerreitor solicita do Consello de Goberno a facultade de facer de seu os cambios de dedicación para cubrir as necesidades docentes urxentes e inaprazables, dando conta *a posteriori* ao Consello de Goberno. Esta proposta conta co apoio da COAP e da mesa sindical. O Consello de Goberno mostra o seu asentimento a esta proposta.

Apróbase a proposta e incorpórase como **anexo XV**.

16. Proposta nomeamento/renovacións profesores honorarios

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita autorización para a renovación dos seguintes profesores honorarios:

- Francisco Salinas Portugal, profesor honorario da Área de Filoloxía Galega e Portuguesa, segunda prórroga, do 01/10/2015 ao 31/08/2017.
- Xosé María Dobarro Paz, profesor honorario da Área de Filoloxía Galega e Portuguesa, segunda prórroga, do 01/10/2015 ao 31/08/2017.

Por último, solicita autorización para nomear como profesor honorario a Luciano Rodríguez Gómez, profesor da Área de Filoloxía Galega e Portuguesa con 2 sexenios e tres teses de doutoramento dirixidas, desde o 01/10/2015 ao 31/08/2017.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XVI** á presente acta.



17. Proposta de autorización de comisión de servizos

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita informe favorable para conceder unha comisión de servizos a favor do profesor titular da Área de Dereito Administrativo, doutor Juan José Pernas García, para prestar servizos no Concello da Coruña, ao abeiro do artigo 86.1 dos Estatutos da UDC.

Conta co informe favorable do Departamento de Dereito Público Especial.

Apróbase por asentimento e achégase como **anexo XVII** á acta.

18. Proposta de autorización de licenzas

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita licenza a favor do profesor titular Francisco Padilla Benítez, da Área de Enxeñaría do Terreo, para unha estadía de cinco meses (do 1 de marzo ao 31 de xullo de 2016) no *Wessex Institute of Technology* (Southampton, UK).

O obxecto da estancia consiste en desenvolver unha investigación multidisciplinar no campo do desenvolvemento sostible dos recursos hídricos, o que conducirá á implementación de solucións numéricas para un sistema integrado de xestión e planificación dos recursos hídricos en cuncas hidrográficas reguladas continentais e costeiras, e a súa aplicación a todos os recursos hídricos da Conca do Río Mero (A Coruña), a Conca do Río Esperanza-Soledad (Guanajuato, México) e posiblemente outras concas hidrográficas do Reino Unido.

A investigación levará acompañada a elaboración de artigos científicos para revistas internacionais e a preparación dunha proposta de investigación H2020 Advanced Grant 2016.

Apróbase por asentimento e achégase a documentación como **anexo XVIII** á acta.

19. Proposta de actualización do punto 3.1 da Normativa pola que se regula a dedicación do PDI

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita modificar o punto 3.1 da Normativa reguladora da dedicación do PDI para engadir na táboa de cargos o de “*Coordinador/a ou director/a do Campus*”



UDC≡*Universidade Saudable*”, cunha redución equivalente á de director/a de departamento (100 horas).

Apróbase por asentimento e achégase como anexo **anexo XIX** á presente Acta.

20. Quenda aberta de intervención

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Sonia Rodríguez Beltrán informa que vai renunciar ao Consello de Goberno por estar a piques de rematar a carreira, polo que aproveita para despedirse cunha pregunta á vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas sobre o estado das negociacións para instalar un paso de peóns e farois na ETSA.

Ana Barxa agradece a confianza depositada para representar o estudantado no Consello Social, mais anuncia que renuncia á remuneración do Consello Social. En relación co transporte universitario, pregunta se houbo algunha interlocución co concello para saber se vai haber un bono bus estudantil.

Jorge Dacosta pon de manifesto que, ao marchar Sonia Rodríguez Beltrán, e outros representantes, a representación dos estudantes no Consello de Goberno vai ficar moi reducida, polo que estima que debería manterse a súa representación pese a rematar a carreira. Fai tamén a proposta de presentar unha lista ampliada de claustrais para Consello de Goberno.

Ignasi Colominas solicita máis información sobre o proceso de concesión de axudas para as agrupacións estratéxicas. Houbo máis solicitudes das concedidas na nosa universidade. Como foi a concesión?

Susana Ladra pon en coñecemento do Consello de Goberno a problemática polo desconto docente por dirección e avaliación dos proxectos de fin de carreira. Considera que esta dedicación do profesorado esta mal valorada respecto dos TFG, o que produce unha serie de efectos perversos. Propón equiparar estas titorías ás titorías de fins de grao.

Sonia Souto solicita que, cando se convoque Consello de Goberno os martes, se envíe a información antes do venres ás 14:30 h para que dea tempo a traballala.



Moisés Canle comenta, entre os aspectos informados en materia de investigación e transferencia, a tendencia crecente a evitar as convocatorias en concorrencia competitiva en favor dos convenios unilaterais. En concreto, en relación coa convocatoria de proba de concepto da Axencia Galega de Innovación (GAIN), comenta que a UDC se presentou dentro da solicitude encabezada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), en cuxo padroado participa. Pregunta cal é a natureza da nosa participación neste Instituto e a que se dedica. Por último, considera moi criticable que a información do Consello de Goberno se filtre previamente á prensa, polo que solicita que se adopten medidas para que non volva ocorrer.

Xosé Portela comenta que, na unidade de bolsas de estudantes, os picos de traballo provocaron que o Ministerio convocase dous postos de traballo de apoio para tramitar estas bolsas. Estas alternativas non serven. Hai un posto sen cubrir na RPT, as horas extraordinarias non son un mecanismo correcto, nin tampouco os contratos que oferta o Ministerio, polo que insta á institución a non seguir indo por esta vía. En segundo lugar, comenta que soubo que mañá no Servizo de Intervención comezará a traballar un traballador por acumulación de tarefas, sen coñecemento dos representantes dos traballadores. Solicita que estes asuntos se informen aos órganos de representación dos traballadores.

En quenda de réplica, a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas comenta que a vía mencionada non é competencia da Universidade, polo que o concello non nos dá licenza para esa obra. Mantívose xa un primeiro contacto co novo concelleiro de mobilidade para ir avanzando na clarificación das competencias sobre as infraestruturas viarias do campus. En breve manterase unha reunión máis extensa, polo que agarda que se vaia desbloqueando a situación. Na materia de transporte urbano, comentouse tamén co novo concelleiro a nosa situación, que non é sustentable, porque supón un agravio comparativo respecto da mobilidade dos estudantes doutras etapas educativas.

O secretario xeral aclara que o concepto polo que se “cobra” por asistencia aos plenos e comisións do Consello Social é por axudas de custo ou compensación polos custos de desprazamento. O seu importe é de 50 euros brutos, que tras o desconto do IRPF quedan arredor de 30 euros. En materia de representación dos estudantes, distingue o problema legal (lendo e comentando o criterio de aplicación estrita das regras previstas no artigo 28.1 do Regulamento electoral xeral) do problema da remuda dos representantes



do Claustro Universitario no Consello de Goberno, onde se mostra disposto a buscar unha solución viable satisfactoria para todos.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia fornece a información solicitada polo profesor Ignasi Colominas en materia de agrupacións estratéxicas. Tamén comenta a falta de convocatorias da GAIN citada polo profesor Moisés Canle, en cuxa valoración negativa concorda plenamente. Sobre a parcería do ITG coas universidades galegas, carece de información; a GAIN di que os cabezas de proxecto informarán ás universidades do seu grao de participación cando proceda. Sen comentarios, engade o vicerreitor. O ITG é un centro tecnolóxico recoñecido polo Ministerio, pero a súa colaboración coa UDC é moi esporádica.

Sobre a cuestión suscitada pola profesora Susana Ladra, o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente comenta que non considera moi viable introducir esta cuestión na normativa de dedicación de profesorado, cando este problema remata no curso 2016-2017. Podería estudarse, con todo, a súa introdución no vindeiro POD. Haberá nese sentido que buscar algunha medida que minimize os efectos perversos detectados.

O xerente aclara a política seguida en materia de apoio ás puntas de traballo da unidade de bolsas por causa da xestión das bolsas do Ministerio. Había dúas modalidades ofrecidas polo propio Ministerio: unha era vía contrato de traballo temporal a través de TRAGSA, e outra que era en formato de colaboración social. Esta última foi rexeitada pola nosa parte, pero aceptouse a outra alternativa dos contratos de traballo a través de TRAGSA. O xerente reconece que cabe mellorar a información que se dea á Xunta de Persoal sobre o persoal de acumulación de tarefas.

Tras as anteriores intervencións, o reitor dá por rematada a sesión do Consello de Goberno ás 12:15 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito